

PROBAS LIBRES PARA A OBTENCIÓN DE TÍTULOS DE CICLOS FORMATIVOS DE FP LOE. ANO 2015.

1.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES:

- Para os ciclos medios ter o título da ESO ou proba de acceso superada. Idade: 18 anos.
- Para ciclos superiores ter o título de bacharelato LOE ou LOXSE ou a proba de acceso superada. Idade: 20 anos ou 19 si xa se posúe o título de técnico.

* Si houbera vacantes logo de resolto o proceso de admisión, poderán acceder a realización das probas dos **módulos profesionais asociados a Unidades de Competencia as persoas adultas que acrediten:**

- a) Experiencia laboral de 2 anos a tempo completo nunha actividade directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo ao que se vai presentar.
- b) Non estar, nin ter estado matriculado en ningunha ensinanza do sistema educativo este curso académico.

2.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E CALENDARIO:

Faranse na **secretaría** de calquera centro público de FP, aínda que non sexa o centro que se elixira como primeira opción. (pódense indicar ata 6 ciclos) entregando o **Anexo I**.

Período ordinario de admisión a probas libres		
1ª fase	Presentación de solicitudes	17 ao 30 de abril ata as 13:00 h
	Listaxe provisional de solicitudes	6 de maio
	Reclamación contra a listaxe provisional	7 ao 11 de maio ata as 13.00 h
	Listaxe definitiva de solicitudes	14 de maio
2ª fase	Listaxe de persoas adxudicadas	18 de maio
	Matriculación	19 ao 21 de maio ata as 13.00 h
	Liberados	25 ao 29 de maio ata as 13.00 h

3.- INFORMACIÓN XERAL SOBRE AS PROBAS:

As persoas matriculadas para as probas libres serán convocadas polo centro no que realizarán ditas probas, a unha **xornada de acollemento** para cada unha das partes da proba de cada módulo profesional. Alí se lle informará sobre como serán as probas e tamén as datas de realización dos exames.

Estructura das probas:

Primeira parte: de carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita sobre os contidos da programación dese módulo.

Segunda parte: consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos.

Certificación e titulación:

As persoas que superen algún módulo profesional a través das probas libres, terán dereito a que se lles expida un certificado académico dos módulos superados.

Si se superan todos os módulos profesionais dun ciclo formativo a través destas probas e tamén superaron ou validaron o módulo de Formación en Centros de Traballo, poderán solicitar a expedición do título correspondente.

MÁIS INFORMACIÓN:

No Dpto de Orientación do CIFP Coroso e na páxina web www.edu.xunta.es/fp no apartado de PROBAS- LIBRES – TÍTULOS LOE CONVOCATORIA 2015.